



1.- Si el monte de PORTELA DE MIRONES ha venido aprovechándose consuetudinariamente por los vecinos -- pertenecientes a la parroquia de TRASESTRADA en régimen de comunidad y en su calidad de miembros o vecinos de tal parroquia y si las parcelas integran una unidad de explotación.--

2.- Fecha o tiempo desde el cual el referido monte ha venido siendo atribuido a los citados grupos vecinales.--

3.- Si la titularidad de aprovechamiento del monte de PORTELA DE MIRONES ha sido atribuida tradicionalmente a los vecinos integrados en cada momento de tal grupo vecinal sin asignación de cuotas individuales de propiedad.--

RESULTANDO: Que en concejo abierto de 11 de Julio de 1.973 los vecinos respondieron afirmativamente a las preguntas 1ª y 3ª y 2ª, dijeron que el citado aprovechamiento existía desde tiempo inmemorial, añadiendo además:

Que estos montes venían figurando a nombre del Ayuntamiento en el amillaramiento de las riquezas rústicas y en la actualidad en el catastro de la misma, careciendo el vecindario de documentos acreditativos de la titularidad.

RESULTANDO: Que practicadas las diligencias expuestas en el anterior resultando se puede identificar las fincas describiendo las de la siguiente manera:

Monte en el distrito hipotecario de Verín, ayuntamiento de Riós al nombramiento de PORTELA DE MIRONES, integrado una unidad de explotación compuesta de una parcela:

A.- Parcela de 56 Has. que limita: NORTE, Antonio Vazquez Cortes, Rosendo Rodríguez y otros; SUR, Gerardo Fernández Valle y otros vecinos de Trepa; ESTE, joaquin Rodríguez Gomez, Juan Fernández Rolán, Francisco Vazquez y otros y OESTE, Comunal de los vecinos de Feilas.-



RESULTANDO: Que el Sr. Alcalde en oficio de fecha 11 de Octubre de 1.973 hace constar que según resulta de las averiguaciones practicadas e informaciones requeridas, las circunstancias que concurren en los montes de referencia son las recogidas de los vecinos del pueblo en cuestión en el Acta del Concejo Abierto citada.-----

RESULTANDO: Que en la sustanciación del presente expediente se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, de 27 de Julio de 1.968, su Reglamento de 26 de Febrero de 1.970, y la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de Julio de 1.958.-----

VISTOS los preceptos citados y demás concordantes y de general aplicación.-----

CONSIDERANDO: Que este Jurado Provincial de Montes en Mano Común tiene jurisdicción y competencia para conocer del presente expediente la clasificación, iniciado de oficio por acuerdo del mismo, a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de 27 de Julio de 1.968 y 10 y 18 de su Reglamento.-----

CONSIDERANDO: Que para determinar si un monte merece la calificación de "VECINAL EN MANO COMUN" se hace preciso concretar si en el mismo se dan o concurren los requisitos reales exigidos en los artículos 1º de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y 1º de su Reglamento, a saber: A) Que su pertenencia esté atribuida a un núcleo o grupo vecinal en régimen de copropiedad germánica o en mano común, y B) Que tal comunidad de vecinos no se halle constituida formalmente en Entidad Municipal; cuestiones que, en definitiva, suponen una declaración de propiedad, y ésta, según reiterada Jurisprudencia del Tribunal Supremo, exige dos requisitos sustanciales: 1º.- Identidad de la cosa cuya propiedad se pretende, y 2º.- Justificación del derecho de propiedad cuya declaración se solicita.-----

CONSIDERANDO: Que los datos y antecedentes obrantes en el expediente se evidencia que el monte de referencia ha venido siendo aprovechado consuetudinariamente, y desde tiempo inmemorial, por los vecinos de MIRONES del término municipal de RIOS, con las peculiaridades expresadas en el anterior considerando, en régimen de comunidad, sin asignación de cuotas individuales de propiedad, y en forma indistinta y común, características que con toda precisión tipifican un régimen de copropiedad en mano común, tal como es definido por el artículo 2º del Reglamento de 26 de Febrero de 1.970.- Por lo que hay que concluir que el monte reúne todas las características y requisitos para que deba ser clasificado como MONTE VECINAL EN MANO COMUN, perteneciente a la expresada comunidad vecinal.-----

Este JURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MANO COMUN, en sesión celebrada el día de la fecha, y a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ACUERDA: Clasificar el monte PORTEIA DE MIRONES del término municipal de RIOS, tal como ha quedado descrito, como "MONTE VECINAL EN MANO COMUN", perteneciente en régimen de Comunidad germánica a los vecinos de MIRONES en régimen conjunto de aprovechamiento y a todos los efectos previstos en la Ley de 27 de julio de 1.968 y su Reglamento de 26 de Febrero de 1.970, con sujeción a las consideraciones expuestas en la presente resolución.-----

The bottom of the document features several handwritten signatures in black ink. On the left, there is a large, stylized signature. In the center, there is another signature, possibly 'J. L. ...'. On the right, there is a signature that appears to be 'A. ...'. Additionally, there are some faint circular stamps or markings, including one on the left side that partially overlaps the text of the 'CONSIDERANDO' section.

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.º monte
OR	72	7.4	1

CLAVE DEL MONTE

### • 3.- ESTADO FISICO

Ref.*	Indice
3.1	<p><b>SITUACION, ALTITUD, ACCESOS.</b></p> <p>Este monte "PORTELA DE MIRONES" està situado al O. de este pueblo y sus fincas particulares, comprendido entre èstas y el alto por donde divide con monte de Feilas y tèrmino municipal de Villardevòs. Està formado por una ladera uniforme y de pendiente relativamente suave, de subida hacia el O. con altitudes comprendidas entre 925 y 1.070 m.</p> <p>Tiene acceso directo por pista forestal que enlaza con la carretera general de Villacastìn-Vigo.</p>
3.2	<p><b>SUPERFICIE.</b></p> <p>56 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.</p>
3.3	<p><b>LINDEROS.</b></p> <p>N.- Monte Portela de Transverea.  B.- Fincas particulares de Mirones.  S.- Tèrminos de Trepa.</p>

Ref. Índice

CLAVE DEL MONTE

Prov. <sup>a</sup>	Munic. <sup>o</sup>	Comunidad Prop. <sup>a</sup>	N. <sup>o</sup> monte
OR	72	7.4	1

3.3

0.- Monte de Feillas (Villardevòs).

## 3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro de este monte, según pretensiones de los vecinos de Mirones, puede describirse empezando por el extremo N.O. en Campelinos, donde concurren con este monte los de Feillas y Portela de Transverea; con este último divide de O.-E. bajando por una loma hasta Pozos, ya en el camino de Feillas a Piornedo, dividiendo con fincas particulares. Por el E. sigue de N. a S. la poligonal formada por éstas hasta llegar a las fincas particulares de Tropa, dividiendo con estos términos por una loma que sube a Uzal, ya en el límite con monte de Feillas, con el que sube de S. a N. por toda la mojonera entre municipios, por Fonte das Lameiras hasta Casteliñoa, donde se comenzó.

Con la descripción así hecha para el lindero N. por los vecinos de Mirones, no están de acuerdo los de Transverea, quienes pretenden que este monte no llegue a la loma Casteliño-Pozos, sino que pare en la regueira de Mirones. Las líneas límite pretendidas por dichas comunidades, aparecen reflejadas en el plano de 1.2 con línea

Prov.º	Munic.º	Comunidad Prop.º	N.º monte
OR	72	7.4	1

Ref. Lince

CLAVE DEL MONTE


3.4

de trazos.

3.5

OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES

El límite de este monte con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que también existe parcelación en el mismo monte. Se ha llegado con los límites de este hasta donde pudiera pertenecer al monte de referencia. En En Caso de que llegase a ser calificado como vecinal en mano común, sería necesario deslinde parcial en tal colindancia con particulares.



Villardevós

Mirónes

San Cristóbal

Trepá

Fumaces

Villarino das Touzas

Término

OR 72 74 1



Na sesión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, de data vinte e oito de xuño de dous mil cinco, tómase en consideración a acta de data 28 de decembro de 2004 de conciliación celebrada con acordo, no Xulgado de Paz do Concello de Riós, relativa á fixación do límite entre os montes veciñais en man común denominados "Portela de Mirones" clasificado o 14 de maio de 1974 a favor dos veciños de Miróns e o monte "Portela y Caneira" clasificado en data 28 de febreiro de 1977, a favor dos veciños de Trasverea.

Mediante o acordo alcanzado na citada conciliación e a documentación complementaria (actas expedidas polos secretarios de cada unha das xuntas rectoras das comunidades implicadas, relativas ás asembleas nas que se adoptou o acordo relativo á modificación de lindeiros e facultouse aos respectivos presidentes para levar a efecto o acto), ponse de manifesto a vontade clara dos comparecentes: comunidade de Mirós e Comunidade de San Pedro de Trasverea, de modificación no sentido de fixar a liña divisoria entre os montes veciñais "Portela de Mirones" e o de "Portela"; liña divisoria que é o límite norte do primeiro e o límite sur do segundo, respectivamente, e descrito da forma seguinte:

*Primeiro, que o límite entre ambos montes é unha liña recta entre un punto da paraxe denominada "Rega de Mirós", na parte baixa da ladeira orientada ao nacente no que se ubican ambos montes, na devasa perimetral e no límite leste de ambos montes, e un punto próximo ao norte da paraxe denominada "Casteliño", na parte máis alta da mencionada ladeira, na divisoria de augas na devasa perimetral e no límite oeste de ambos montes; neste punto conflúen ou será próximo o punto de confluencia dos termos municipais de "Riós", "Castrelo do Val" e "Vilardevós"*

*O primeiro punto queda na faldra esquerda da valgada en ladeira da "Rega de Mirós", quedando así a liña máis baixa da valgada, leito ou canle da mesma dentro do monte "Portela de Mirós"; a liña recta que forma o límite entre ambos montes cruza o camiño forestal interior que discorre por unha liña de nivel ao longo da devasa perimetral do leste de ambos montes por un punto que dista, medido ao longo do camiño, setenta e tres (73) metros do eixe da atallada en máxima pendente sito ao norte desta paraxe e que vén de poñente a nacente entre a divisoria ao oeste e a devasa perimetral do leste da faldra en ladeira.*





O segundo punto que define o lindeiro entre ambos montes está a tres (3) metros do cruzamento do antigo camiño de "Feilas" a "San Pedro de Trasverea" coa liña máis oriental da atallada perimetral que constrúese no seu momento á longo da divisoria e que segue en parte a liña de termos municipais; así o antigo camiño queda na ladeira do nacente totalmente dentro do perímetro do monte "Portela" de "San Pedro de Trasverea" e en cambio, a piña de rochas de cuarcita que pola súa forma e disposición darían nome ao paraxe "Casteliño" quedan dentro do monte "Portela de Mirós".

Vista a acta de recoñecemento e levantamento en terreo, da liña que sinala o lindeiro que fixa as coordenadas con receptor GPS:

- Primer punto na valgada da "Rega de Mirós", coordenadas UTM, X= 637.715,32 Y= 4.650.081,08 ( $\pm 0,12$  m)
- Segundo punto, na paraxe coñecida como "Casteliño", coordenadas UTM, X= 637.373,21 Y= 4.649.913,30 ( $\pm 0,39$  m)


Tendo en conta que avirse á demanda é unha institución permitida no noso ordenamento xurídico como manifestación de conformidade coa petición contida na mesma que implica o abandono da acción, e a conciliación de alcanzarse acordo, orixina o efecto xurídico material dun convenio análogo á aceptación da demanda.

Procede a execución da acta de conciliación, realizando as correccións necesarias.  
Incorpórase plano da conciliación.

Ourense, a vinte e oito de xuño de dous mil cinco.



# Liña de delimitación entre as comunidades veciñais de Trasverea e Mirós (Ríos)



**Consellería de Medio Ambiente**

Servizo de Montes e Industrias Forestais

Deputación Provincial de Ourense



Liña de delimitación entre as comunidades veciñais de Trasverea e Mirós (Concello de Ríos)

Junio de 2005

**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **2 de setembro de 2020** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**XIV.-** Solicitud de deslindamento entre o MVMC “De Feilas”, pertencente á CMVMC da Feilas, e o MVMC “Portela de Miros”, pertencente á CMVMC de Miros, nos Concellos de Vilardevos e Rios.

O Servizo de Montes emitiu informe favorable o día 29 de novembro de 2019, se ben indicou que o tramo comprendido desde o límite municipal de Ríos ata o punto M15 e deste este último ata o punto M16, afecta ao perímetro estremeiro destes dous montes co MVMC “De Tropa”, pertencente á CMVMC de Tropa. Polo que deberá establecerse mediante un procedemento de deslindamento que inclúa o acordo desta comunidade.

De acordo co exposto, o Xurado Provincial admitiu a solicitude de deslinde.



**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 7 de decembro de 2020, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 3 de decembro de 2020 relativa ao acto de conciliación formulado polos representantes do monte veciñal en man común de Feilas, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Feilas, e monte veciñal en man común Portela de Mirós, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mirós, nos concellos de Vilardevós e Riós.*

Examinada a solicitude de conciliación formulada polos representantes dos montes veciñais en man común (MVMC) de Feilas, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Feilas e o MVMC Portela de Mirós, pertencente á CMVMC de Mirós, nos concellos de Vilardevós e Riós, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. Con data do 4 de maio de 2016 o presidente da CMVMC de Feilas presentou un escrito na oficina agraria comarcal de Xinzo de Limia (nº 2458/rx 1211487) co fin de rexistrar un acordo de deslindamento entre as CMVMC de Mirós e Feilas, nos concellos de Riós e Vilardevós, respectivamente.

Entre outra documentación, achegou os acordos das asembleas das dúas comunidades, unha acta de conciliación e un informe deslindamento con planos.

Segundo. O 22 de agosto de 2019 a CMVMC interesada presentou no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (nº 2019/1750779) un novo escrito co que incorporou a seguinte documentación: memoria descritiva, acordos da asemblea, acto conciliatorio, acta de acordo sobre o terreo e arquivo *shape* puntos.

Terceiro. O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense con data do 29 de novembro de 2019 considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. O perímetro estremeiro acordado ven definido pola liña poligonal que une os puntos do M1 ao M16, coincidente en case todos os tramos, coas áreas devasas existentes.



Polo que o Servizo de Montes lle propuxo ao xurado a aprobación do deslindamento, ben que co seguinte condicionado:

Exclúese o tramo situado no extremo sur, desde o límite municipal de Riós ata o punto M15 e desde este último ata o punto M16, por entender que afecta a confluencia do perímetro estremeiro destes dous montes veciñais en man común co MVMC da Tropa, pertencente á CMVMC da Tropa. Polo que este punto deberá establecerse mediante un procedemento de deslindamento que inclúa o acordo da comunidade de montes veciñais titular del.

Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase o abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, de 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento a seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditara resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 2 de setembro de 2020:

Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras dos montes veciñais en man común de Feilas, pertencente á CMVMC de Feilas e o MVMC Portela de Mirós, pertencente á CMVMC de Mirós, nos concellos de Vilardevós e Riós, de acordo co informe do Servizo de Montes do 29 de novembro de 2019.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo




co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 7 de decembro de 2020

Yago Borrajo Sánchez  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: 7qceioq1-zr81-0pd9-1sc5-ep3c6aaauqz9





MVMC "de Feilas"

MVMC "Portela e Caneira"

MVMC "Portela de Mirós"

MVMC "de Trepa"

Concello de Vilardevós


Concello de Riós

XUNTA DE GALICIA  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
 Dirección Xeral de Montes  
 Servizo de Montes de Ourense

**DESLINDAMENTO ENTRE O MVMC "DE FEILAS" E O MVMC "PORTELA DE MIRÓS" NOS CONCELLOS DE RIÓS E VILARDEVÓS**

- PERÍMETRO ESTREMEIRO ENTRE O MVMC "DE FEILAS" E O MVMC "PORTELA DE MIRÓS"
- PERÍMETRO ESTREMEIRO QUE AFECTA TAMÉN AO MVMC "DE TREPA"
- LIÑA LÍMITE INTERMUNICIPAL

SISTEMA DE REFERENCIA ETRS89	ESCALA 1:5000	BASE CARTOGRÁFICA: PNOA 2017
COORDENADAS UTM	DECEMBRO DE 2019	
FUSO 29		



637000 637250 637500 637750 638000

4649750  
4649500  
4649250  
4649000  
4648750  
4648500  
4648250  
4648000

0549750  
0549500  
0549250  
0549000  
0548750  
0548500  
0548250  
0548000

**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **2 de setembro de 2020** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**XIX.-** Solicitudes de deslindamento entre o MVMC “De Feilas”, pertencente á CMVMC da Feilas, o MVMC “Portela e Caneira”, pertencente á CMVMC de Trasvea, e o MVMC “Portela de Miros”, pertencente á CMVMC de Miros, nos Concellos de Viladevos e Rios.

De acordo cos informes favorables do Servizo de Montes dos días 28 de novembro de 2019 e 5 de decembro de 2019, o Xurado aprobou dúas solicitudes de deslindamento que afectan aos montes veciñais citados.



**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 4 de decembro de 2020, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 2 de decembro de 2020 relativa ao acto de conciliación formulado polos representantes do monte veciñal en man común Portela e Caneira, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Trasverea, do monte veciñal en man común Portela de Mirós, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mirós, e do monte veciñal en man común de Feilas, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Feilas, nos concellos de Riós e Vilardevós.*

Examinada a solicitude de conciliación formulada polos representantes do MVMC Portela e Caneira, pertencente á CMVMC de Trasverea, o MVMC Portela de Mirós, pertencente á CMVMC de Mirós, e o MVMC de Feilas, pertencente á CMVMC de Feilas, nos concellos de Riós e Vilardevós, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. Con data do 22 de agosto de 2019 a CMVMC de Feilas presentou un escrito no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (nº 2019/1752457) en que comunicaba a realización dun deslindamento entre os MVMC Portela e Caneira e Portela de Mirós, pertencentes ao concello de Riós, e o MVMC de Feilas, no concello de Vilardevós.

Na mesma data, a CMVMC de Feilas presentou outro escrito relativo a un acto de deslindamento (nº 2019/1752675).

Coa solicitude achegou a documentación seguinte: memoria descritiva, acordos das asembleas, acto conciliatorio, acta de acordo sobre o terreo e arquivos gráficos.

Segundo. Os informes do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense do 28 de novembro e 9 de decembro de 2019 consideran que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

O perímetro estremeiro acordado ten como inicio o punto 1 acordado pola CMVMC de Monteveloso, pola CMVMC de Feilas e pola CMVMC de Trasverea, segundo consta na



acta de conciliación do 15 de xullo de 2019 levantada no xulgado de paz de Vilardevós. Desde este punto, cara ao sur, o perímetro estremeiro do MVMC de Feilas e o MVMC Portela e Caneira vén definido por unha liña poligonal que segue a dirección dunha área devasa ata o punto 7 situado no inicio da área devasa que delimita os montes de Mirós e Trasverea.

No relativo á segunda solicitude, o perímetro estremeiro acordado vén definido pola liña recta que une un punto acordado con outro punto localizado no medio dunha área devasa existente, situado ao oeste do anterior.

#### Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase o abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia recolle o procedemento a seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o xurado provincial de montes veciñais en man común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 2 de setembro de 2020:

Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras dos MVMC Portela e Caneira, pertencente á CMVMC de Trasverea, o MVMC Portela de Mirós, pertencente á CMVMC de Mirós, e o MVMC de Feilas, pertencente á CMVMC de Feilas, nos concellos de Riós e Vilardevós, de acordo cos informes do Servizo de Montes do 28 de novembro de 2019 e do 9 de decembro de 2019.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co




disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 4 de decembro de 2020

Yago Borrajo Sánchez  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense





Concello de Castrelo do Val

MVMC "Monteveloso"

MVMC "de Feilas"

MVMC "Portela e Caneira"

Concello de Vilardevós

Concello de Riós

MVMC "Portela de Mirós"

	<b>DESLINDAMENTO DO PERÍMETRO ESTREMEIRO DO MVMC "DE FEILAS" CO MVMC "PORTELA E CANEIRA" E CO MVMC "PORTELA DE MIRÓS", NOS CONCELLOS DE RIÓS E VILARDEVÓS</b>	
		LIÑA DO DESLINDAMENTO PARCIAL DO MVMC "PORTELA E CANEIRA" CO MVMC "PORTELA DE MIRÓS E CO MVMC "DE FEILAS" SEGUNDO A DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE.
	LIÑA DO DESLINDAMENTO PARCIAL DO MVMC "PORTELA E CANEIRA" CO MVMC "PORTELA DE MIRÓS" (ACORDO DO X.P. DO 28/06/2005)	
	LIÑA DO DESLINDAMENTO PARCIAL DO MVMC "DE FEILAS" CO MVMC "PORTELA DE MIRÓS E CO MVMC "PORTELA E CANEIRA", SEGUNDO O ACTO CONCILIATORIO CELEBRADO O 12/07/2019 NO XULGADO DE PAZ DE RIÓS (PENDENTE DE APROBACIÓN POLO XURADO PROVINCIAL)	
	LIÑA LÍMITE INTERMUNICIPAL (IGN)	
SISTEMA DE REFERENCIA ETRS89 COORDENADAS UTM FUSO 29		ESCALA 1:1500 NOVIEMBRE DE 2019
BASE CARTOGRÁFICA: PNOA 2017		



**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **16 de decembro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**XII.-** Solicitud de deslinde entre o MVMC "Portela de Mirós", pertencente á CMMVVMC de Mirós, e mailo MVMC De Trepá, pertencente á CMMVVMC de A Trepá, no concello de Riós.

O informe do servizo de montes do Departamento Territorial de Ourense de data 10 de xuño de 2024 fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento do perímetro estremeiro entre o MVMC Portela de Mirós pertencente á CMMVVMC de Mirós, e mailo MVMC De Trepá, pertencente á CMMVVMC da Trepá, dende o vértice 1 (o situado máis ao O) ata a o vértice 8 (o situado máis ao E).

Logo de analizar os vértices e a súa localización obsérvase que:

- No punto inicial da liña conflúe tamén, conforme co indicado na memoria do deslindamento e máis no antecedente 4, o MVMC De Feilas; xa que logo, e tendo en conta que a comunidade propietaria deste último non participa da avinza, cabe concluír que a conciliación comeza realmente no vértice 2, tendo o vértice 1 a condición de punto auxiliar que permite determinar a dirección da liña no seu tramo inicial.

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación.

O Xurado Provincial, tendo en conta o informe favorable do servizo de montes, aprobou a solicitude de deslinde.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez

SERVIZO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO  
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Florentino L. Cuevillas, 4-6 baixo  
32071 Ourense  
Tel: +34 988 386 486  
xuridico.mediorural.ourense@xunta.gal  
mediorural.xunta.gal



**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 15 de xaneiro de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución relativa á solicitude de deslindamento formulada polos representantes dos montes veciñais en man común Portela de Mirós, e o de Trepá, no concello de Riós.*

Examinada a solicitude de deslindamento formulada polos representantes do MVMC Portela de Mirós, pertencente á CMVMC de Mirós, e o MVMC de Trepá, pertencente á CMVMC da Trepá, no concello de Riós, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 30.4.2024, a CMVMC de Mirós presentou un escrito (Rexel 2024/1463515), no cal solicitan a aprobación dun deslindamento coa CMVMC da Trepá. Coa solicitude achegaban a seguinte documentación:

- Acta de deslindamento.
- Acta de conciliación levantada no Xulgado de Paz de Riós.
- Certificacións dos acordos das respectivas asembleas xerais.
- Informe de deslindamento.

Segundo. O informe do Servizo de Montes do Departamento Territorial de Ourense do 10 de xuño de 2024 fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento do perímetro estremeiro entre o MVMC Portela de Mirós, pertencente á CMVMC de Mirós, e o MVMC de Trepá, pertencente á CMVMC da Trepá, desde o vértice 1 (o situado máis ao O) ata o vértice 8 (o situado máis ao L).

Logo de analizar os vértices e a súa localización obsérvase que:

– No punto inicial da liña conflúe tamén, conforme o indicado na memoria do deslindamento e máis no antecedente 4, o MVMC de Feilas; xa que logo, e tendo en conta que a



comunidade propietaria deste último non participa da avinza, cabe concluír que a conciliación comeza realmente no vértice 2, tendo o vértice 1 a condición de punto auxiliar que permite determinar a dirección da liña no seu tramo inicial.

– A liña avinzada correspóndese integramente coa marxe S dun tramo de cortalumes. Neste sentido, cómpre aclarar que a liña non se corresponde exactamente cos segmentos rectos que unen os puntos conciliados, senón que se axusta a un tramo de aresta do recinto c da R.C. 32072A20800308, correspondendo o dito recinto ás áreas cortalumes presentes dentro desa parcela catastral.

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A presente resolución dítase o abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se seguirá no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o xurado provincial de montes veciñais en man común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 10 de xuño de 2024, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 16 de decembro de 2024:

Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras do MVMC Portela de Mirós, pertencente á CMVMC de Mirós, e o MVMC de Tropa, pertencente á CMVMC da Tropa, no concello de Riós.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais




en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 15 de xaneiro de 2025

José Antonio Armada Pérez  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense





PUNTO_1	COOR_X	COOR_Y
M1	637689,11	4648100,59
M2	637686,47	4648091,73
M3	637746,40	4648082,04
M4	637772,23	4648076,74
M5	637816,25	4648080,12
M6	637875,06	4648091,08
M7	637896,53	4648091,56
M8	637919,43	4648107,98



Carlos Pousada Rolán  
D.N.I. 34714228 - Y


Presidente do monte de Miros  
M.V.M.C de Portela de Mirós

Ana Belén Pousada Gago  
D.N.I. 34963307 - H

Presidente do monte de A Trepá  
M.V.M.C de A Trepá

**LENDÁ**

- ▲ Puntos\_deslinde\_Miros\_Trepá
- Liña\_Deslinde\_Miros\_Trepá



<b>DESLINDAMENTO ENTRE OS MONTES DE MIROS E A TREPÁ</b>	
PROPIEDAD: <b>COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE MIROS</b>	
LOCALIZACIÓN: <b>MIROS .RIOS. OURENSE</b>	
PLANO Nº: <b>2</b>	<b>"PLANO DE DESLINDE"</b>
TÉCNICO/A REDACTOR/A: Óscar Varela Limia Col nº 1.111	O/A TÉCNICO/A REDACTOR/A <b>XESTION MEDIOAMBIENTAL DA LIMIA</b>
ESCALA: <b>1/2.500</b>	DATA: <b>10/03/2023</b>
Fdo.:	

